



*RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a distribución entre os distintos tribunais das persoas aspirantes definitivamente admitidas nos procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación, ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 24 de febreiro de 2020 (Diario Oficial de Galicia do 13 de marzo).*

Aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas pola Resolución do 12 de maio de 2021, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, e dado que nalgunhas especialidades foi nomeado máis dun tribunal, procede determinar as persoas aspirantes que corresponde xulgar a cada tribunal, polo cal esta esta dirección xeral

#### RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a asignación aos tribunais que xulgarán os procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación, ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia das persoas aspirantes definitivamente admitidas, segundo os criterios de distribución establecidos na base primeira, punto 5 da citada orde de convocatoria.

Segundo. Ordenar a publicación da asignación de persoas aspirantes aos distintos tribunais no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no enderezo <https://www.edu.xunta.gal/>.

*Asinado electronicamente en Santiago de Compostela*

*O director xeral de Centros e Recursos Humanos*

*Jesús Manuel Álvarez Bértolo*

